

INFORMACIÓN A TER EN CONTA PARA FACER A RESERVA DE PRAZA NUN CICLO ORDINARIO E MODULAR. CURSO 2024-25

1.- Como se fai a solicitude? Do 24 de xuño ao 4 de xullo ás 13.00 h.

Debe facerse unicamente vía telemática na seguinte páxina: www.edu.xunta.gal/fp

Ao entrar atoparedes un apartado: **admisión ciclos** e incluso hai un *vídeo de axuda*.

2.- Cantos ciclos podo solicitar?

Ata un **máximo de 4 ciclos formativos**, iguais (pero en centros diferentes) ou distintos (de distinta familia profesional).

IMPORTANTE: Non se poden pedir na mesma solicitude modalidades distintas (ordinario, modular, dual intensivo ou distancia) hai que facer unha solicitude para cada modalidade.

3.- Unha vez cuberta a solicitude ou solicitudes, que debo facer con ela?

Debes imprimila e sairanche 2 copias: 1 para o alumno/a e 1 para o centro.

Debes asinar as 2 copias e entregalas para que as **validen nun centro que imparta FP**. Se non a validas, non é correcto o procedemento. Pero si empregaches a Chave 365 ou un Certificado Electrónico non é necesario presentala nun centro.

4.- Cando saberei si me deron algún dos ciclos que solicitei?

O día **17 de xullo** publicarán na mesma páxina a **listaxe coa 1ª adxudicación**.

Pero non esquezas mirarte o **10 de xullo** para ver si apareces na listaxe provisional de solicitudes. *Ollo, esta listaxe só recolle os ciclos que solicitaches, non significa que teñas prazas. A importante é a do día 17 xuño.*

5.- Cando abre o prazo de matrícula? Do 17 ao 22 de xullo ás 13.00 h.

A matrícula xa se fai de xeito **presencial**, cubrindo un modelo no centro onde che admitiron.

Debes levar estes documentos:

*DNI, pasaporte..(orixinal e fotocopia) * Tarxeta sanitaria (orixinal e fotocopia) *2 fotografías carné.

*Certificado académico dos estudos polos que accedes (FPB, ESO, Bacharelato, Ciclo, Universidade, Bacharelato..)

*Si es menor de 28 anos debes pagar **1,12€ de seguro escolar**. (Preguntar no centro polo número de conta bancaria onde hai que facer o ingreso).

Dpto. De Información e Orientación Académica e Profesional